

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE XULLO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/2021.

CONSELLERÍA DE CULTURA

- Decreto polo que se crea a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regula o deporte de alto nivel en Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100%, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade e se procede a súa convocatoria para o ano 2020, por un importe catrocentos cincuenta e sete mil sesenta e oito euros (457.068,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) e entidade pública empresarial Augas de Galicia para o proxecto "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos Innovaugas 4.0", cofinanciado con fondos FEDER a través do Programa operativo FEDER plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre, por importe de cento sesenta mil euros (160.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co concello de Cabanas para a execución da obra: "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas (A Coruña)", clave OH.315.1073, por importe dous millóns oitocentos setenta e catro mil setecentos dezasete euros con setenta e dous céntimos (2.874.717,72€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Noia para a rehabilitación da praza de abastos, por un importe total dun millón oito mil douscentos trinta e tres euros con dez céntimos (1.008.233,10€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio, asinado o 19 de setembro de 2018, entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de Madeira, moble e cortiza, por un importe total de vinte mil euros (20.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva, (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de 2018), por importe de cento oitenta mil euros (180.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Diocese de Ourense, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a realización dos traballos de rehabilitación da Casa Reitoral de Santa Mariña de Xinzo de Limia en Xinzo de Limia, por un importe total de catrocentos setenta e oito mil novecentos corenta e seis euros (478.946,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) e o Concello de Riós polo que se lle conceden subvencións autonómicas ao Concello, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2020 e 2021, por importe de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe en relación á iniciativa da Xunta de Galicia para o impulso á extensión da fibra óptica en conxuntos históricos de especial protección.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o primeiro mes de funcionamento do programa de información e asesoramento Igape Responde.
- Informe sobre o programa de microcréditos para autónomos e empresas de menos de 10 traballadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a resolución do programa Talento Sénior.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da contratación para a adquisición dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa do COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo, por un importe de cento catro mil vinte e dous euros con noventa e sete céntimos (104.022,97€), IVE incluído.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 23 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e as condicións de traballo e da calidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e tramitada como expediente anticipado de gasto.



APROBADO O DECRETO DE PREZOS UNIVERSITARIOS PARA O VINDEIRO CURSO, CUNHA BAIXADA DOS MÁSTER ATA EQUIPARALOS COS DE GRAO, QUE SE MANTERÁN CONXELADOS POR DÉCIMO ANO CONSECUTIVO

- *A Consellería de Educación aboaralle ás Universidades preto de 2,5 M€ en concepto de compensación pola baixada dos prezos dos máster*
- *Galicia continuará estando entre as comunidades co prezo medio de matrículas universitarias máis baixo do Estado*
- *O vindeiro curso un estudante galego desembolsará a mesma contía que hai unha década para cursar estudos de grao ou máster nunha universidade do SUG*
- *O prezo medio das primeiras matrículas de Máster non habilitante (orientados á especialización e á investigación) redúcense nun 55 por cento con respecto ao presente curso*
- *Esta medida suporá un aforro estimado de 21,3 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, a razón de entre 308 e 1.150 €/familia en función do tipo de estudos*
- *Somos a única Comunidade que xa está cumprindo co obxectivo marcado polo Goberno de España de manter conxeladas as taxas dos graos para o vindeiro curso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/21, que recolle a baixada dos prezos públicos das primeiras matrículas de Máster non habilitante (enfocados a unha especialización de coñecementos ou á investigación científica), ata equiparalos aos prezos de grao universitario; así como a conxelación por décimo ano consecutivo das taxas de grao; e, por terceiro ano, de máster habilitante (necesarios para exercer unha profesión).

A rebaixa do prezo representa unha contía de 2.491.792,22 €, que a Consellería de Educación lle vai aboar ás universidades, en concepto de compensación pola baixada dos prezos da primeira matrícula da totalidade dos máster universitarios, e cuxo ingreso se fará efectivo unha vez que as universidades certifiquen o número de estudantes matriculados.

Con esta decisión, o prezo medio de matrícula destes Máster non habilitantes redúcese nun 55 por cento con respecto ao presente curso, ao pasar dos 26,49 €/crédito actuais (por debaixo dos 31,06 €/c de media do conxunto do Estado) aos 11,89 €/c de media establecidos xa para os graos universitarios e os Máster habilitante (necesarios para exercer unha profesión). Polo tanto estamos a falar dunha baixada media de 14,6 euros por crédito en primeira matrícula; o que fai que Galicia encabece a primeira posición no ránking de CCAA máis económicas en canto a estes estudos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Deste xeito, Galicia é a única Comunidade Autónoma na que un estudante universitario vai seguir pagando pola súa matrícula de grao exactamente o mesmo que hai unha década; e sitúase, de novo, entre as comunidades autónomas coas taxas máis baratas do Estado para cursar estudos de grao e máster universitario.

Esta medida supón aforro de máis de 21 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, que se reparten en contías que van de entre os 308 €/curso para un estudante de grao, os 660 €/curso para un estudante dun máster habilitante e os 1.150 €/curso no resto de máster universitarios.

Ademais Galicia é a única Comunidade autónoma do Estado que estamos cumprindo co obxectivo marcado polo Goberno de España de manter conxelados os prezos públicos universitarios para o vindeiro ano, ao mesmo nivel do curso 2011-12.

Matrículas de grao

No caso das matrículas de grao o prezo medio manterase por décimo ano consecutivo en 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 5,14 euros con respecto aos 17,03 €/crédito de media de España, sendo Cataluña a comunidade autónoma coas taxas máis elevadas, cunha media de 33,52 €/crédito.

As de grao acaparan o 90% do total de matrículas do Sistema Universitario Galego, polo que con esta conxelación de taxas, un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 308,40 euros ao curso en matrículas.

Matrículas de máster

No que atinxe aos máster, de cara ao vindeiro curso tamén se manteñen conxeladas as taxas dos Máster habilitantes e se rebaixan as dos non habilitantes ata unificalas cos dos habilitantes dos graos.

Coa rebaixa dos Máster non habilitantes dos 26,49€/c este ano aos a 11,89 €/c do vindeiro curso, Galicia escala da quinta á primeira posición no ránking de CCAA canto ao prezo das matrículas nestes estudos. Falamos de 19,17 €/crédito menos cá media estatal, que se sitúa nos 31,06 euros.

O alumnado que cursa este tipo de máster non habilitantes representa o 7% do sistema. En canto ao aforro das familias con respecto á media estatal, sitúase nuns 1.150,20 €/curso e por estudante.

No caso dos máster habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), a taxa media de matrícula mantense nos 11,89 €/crédito (igual que os estudos de grao), cun aforro de 11 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 22,89 €/crédito. Isto fai que as familias galegas cuxos fillos cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalgunha das universidades galegas aforren unha media de 660 euros por curso en



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 3% do conxunto do sistema.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



A XUNTA APROBA A CREACIÓN DA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL DA RIBEIRA SACRA, FERRAMENTA OPERATIVA DA CANDIDATURA A PATRIMONIO MUNDIAL UNESCO

- *Este acordo chega a un ano vista de que a Ribeira Sacra sexa presentada e sometida a estudo e debate na 45ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial*
- *O órgano coordinará a aplicación de políticas e accións integradas nun territorio que comprende a 25 concellos de Lugo e Ourense, redundando na mellora das condicións de apreciación e difusión dos valores desta sobranceira paisaxe cultural*
- *A Comisión estará adscrita á Consellería de Cultura e Turismo e nela tomarán parte distintos departamentos da Xunta e entidades de especial representatividade da Ribeira Sacra*
- *No Consello deuse conta dun informe no que se repasaron os 6M€ de investimento executado en materia de rehabilitación patrimonial orientados ao apoio e impulso da candidatura*

Avanzar con solvencia no desenvolvemento da Candidatura da Paisaxe cultural da Ribeira Sacra a Patrimonio Universal, a un ano vista da súa presentación, estudo e debate no seo da 45ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO, para chegar coas máximas garantías a esta cita onde se decidirá a súa inclusión nesta selecta lista; así como coñecer e valorar as situacións deste territorio no seu de primeira man para concertar o desenvolvemento e a salvagarda do patrimonio no conxunto do territorio, son os dous principais obxectivos que cumprirá a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

En concreto, o decreto que ve a luz fixa a composición, funcións e réxime do que é o órgano de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma no ámbito relacionado co territorio da Ribeira Sacra e a Paisaxe cultural declarada ben de interese cultural. Esta ferramenta de xestión ten por obxecto coordinar a aplicación de políticas e accións integradas que redunden na mellora das condicións de apreciación e difusión dos valores da paisaxe cultural, facilitando a participación activa da sociedade e procurando o benestar das comunidades locais, creadoras da paisaxe e garantes da súa conservación.

Clave de xestión para o Patrimonio Mundial

O novo órgano está chamado a xogar un papel clave no desenvolvemento deste territorio e como ferramenta operativa da candidatura a Patrimonio Mundial da UNESCO. Ao respecto, cómpre lembrar que estas candidaturas, que se desenvolven en virtude da *Convención sobre a protección do patrimonio mundial cultural e natural da Unesco*, asinada en 1972 e aceptada por España o 4 de maio de 1982, ademais de acreditar o valor universal excepcional dos bens, deben tamén presentar medidas de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

xestión axeitadas para a súa conservación e establecer canles e ferramentas para a toma de decisións e participación activa de todas as persoas interesadas, principalmente das comunidades locais.

O proxecto de decreto, que entrará en vigor dez días naturais despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, foi sometido aos trámites de publicidade, suxestións, informes e consultas previstos na lexislación vixente. Neste sentido, como consecuencia dos diferentes procesos, foron incorporados algunhas melloras na súa forma e contido. Tendo en conta que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, vén dirixindo a candidatura da paisaxe cultural da Ribeira Sacra á lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, a Comisión estará adscrita á devandita Consellería.

Coordinación de políticas en 25 concellos

O anexo VII deste decreto contén unha delimitación da paisaxe cultural declarada ben de interese cultural e da súa zona de amortecemento e, para a aplicación das ferramentas para a súa xestión identifica un ámbito máis amplo composto pola totalidade dos concellos lucenses e ourensáns de Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Monforte de Lemos, A Peroxa, A Pobra do Brollón, A Pobra de Trives, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo, aos que, para a súa xestión coordinada, se unen os concellos de Bóveda, Manzaneda e Chandrexa de Queixa, por estar integrados en sistemas de organización relevantes para a salvagarda dos valores da paisaxe cultural nas terras de Asma, Caldelas, Trives e Lemos.

Así mesmo no territorio da Ribeira Sacra existen entidades de especial representatividade das comunidades locais no seu conxunto e as actividades relacionadas coa paisaxe e a súa difusión: os concellos, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, o Consello Regulador da Denominación de Orixe da Ribeira Sacra, a Asociación Ribeira Sacra Rural, así como os Bispados, as Deputacións Provinciais de Lugo e Ourense, ou a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, entre outras.

Fomento e impulso da Ribeira Sacra

A comisión presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; coordinará e fomentará as accións da Xunta, sen prexuízo do exercicio das competencias propias de cada departamento, e apoiará e impulsará as liñas de acción para a protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así mesmo, tamén serán funcións do devandito órgano habilitar as medidas necesarias para desenvolver e aplicar a normativa vixente en relación á Ribeira Sacra; elaborar propostas en relación coa situación e potencialidades da Ribeira Sacra como paisaxe cultural; realizar unha avaliación periódica da situación desta; e acometer calquera outra competencia e función relacionada co seu ámbito de actuación, así como as que lle encomende o Consello da Xunta e as que lle deleguen os órganos con competencia na materia.

A Comisión estará presidida polo titular da consellería competente en materia de patrimonio cultural e contará con dúas vicepresidencias primeira e segunda, que lles corresponderá ás persoas titulares da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural e turismo, respectivamente. Finalmente, as vogalías estarán ocupadas polas persoas titulares de cada unha das consellerías competentes en materia de Medio Ambiente, Territorio, Vivenda, Infraestruturas, Mobilidade, Economía, Emprego, Industria e Medio Rural da Xunta.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O DEPORTE DE ALTO NIVEL, DE ALTO RENDEMENTO E DE RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE

- ***O proxecto de decreto remítese ao Consello Consultivo que conta cun prazo dun mes para elaborar o ditame como paso previo á súa aprobación e publicación definitiva***
- ***O novo texto actualizará e mellorará o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro xa que, ademais dos deportistas, os técnicos-adestradores e xuíces-árbitros, poderán obter tamén o recoñecemento de alto nivel***
- ***Crearase a Oficina de Atención ao Deportista que permitirá a atención dos deportistas desde o asesoramento, en todas as etapas da súa carreira e dedicación competitiva***

O Consello da Xunta vén de aprobar o proxecto de decreto polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base en Galicia, que será remitido ao Consello Consultivo de Galicia para os efectos do seu sometemento a ditame. O supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade conta cun prazo dun mes para elaborar este informe como paso previo á súa aprobación e publicación definitiva polo Consello da Xunta.

O novo decreto revisará, actualizará e mellorará a norma vixente -Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes-. Deste xeito, regulará o deporte de alto nivel de Galicia -práctica deportiva de interese para a Comunidade Autónoma polo estímulo que supón para o fomento do deporte base, pola súa función representativa da Comunidade Autónoma nas competicións deportivas oficiais do máximo nivel, nacional e internacional, e por estar dirixida á obtención dos máximos resultados- e, como principal novidade, regulará tamén o alto rendemento deportivo -práctica deportiva que aínda non pode ser cualificada de alto nivel pero cuxa proxección indica que estará en condicións de selo- e o rendemento deportivo de base -etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previa a acadar o alto rendemento deportivo ou o alto nivel-.

O novo decreto establece asemade o catálogo de dereitos e obrigas dos axentes deportivos recoñecidos nas distintas categorías como dereitos de carácter educativo, laboral ou económico que inclúen importantes vantaxes con respecto á norma vixente; así como o procedemento e requisitos establecidos para o recoñecemento de deportistas e tamén a técnicos-adestradores e xuíces-árbitros, como novos colectivos que se incorporan á figura do alto nivel, a través da Comisión Galega de Avaliación do



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Alto nivel deportivo. Asemade establécese a posibilidade de obter este recoñecemento con carácter vitalicio.

Tamén se regulará dentro deste novo texto o recoñecemento dos centros de alto nivel e os núcleos de adestramento especializado e, como un dos puntos de maior importancia, a creación da Oficina de Atención ao Deportista, ferramenta necesaria dentro de calquera sistema de protección global e efectiva dos axentes deportivos, e que permitirá a súa atención, desde o asesoramento, en todas as etapas –durante e despois- da súa carreira e dedicación competitiva.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS AXUDAS A PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO CON CARGO AO IRPF 2020

- *As subvencións están destinadas a entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a convocatoria das axudas destinadas á realización de programas para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, para o ano 2020, que contan cun orzamento de 457.068 euros.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades do Terceiro Sector de Acción Social, é dicir, organizacións de carácter privado xurdidas da iniciativa cidadá ou social, con fins de interese xeral e sen ánimo de lucro, que impulsan o recoñecemento e o exercicio do dereitos civís, económicos sociais e culturais das persoas e grupos que sofren condicións de vulnerabilidade ou que se atopan en risco de exclusión social.

Para poder optar a estas axudas deberán estar legalmente constituídas con dous anos de antelación e inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, carecer de ánimo de lucro e ter o seu domicilio social ou delegación na comunidade galega. Cada entidade recibirá unha contía máxima de 75.000 euros.

A través destas axudas subvenciónanse oito liñas de programas. Por unha parte, iniciativas dirixidas ao acollemento, á atención e ao asesoramento para mulleres en situación de vulnerabilidade; así como outros proxectos de acollida e aloxamento que coaxuden na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e das súas fillos e fillas.

Ademais das actuacións de acollida e aloxamento dáse apoio a outros programas co mesmo obxectivo de protexer ás vítimas desta lacra e aos seus fillos e fillas.

Tamén se apoian programas de información e formación para o empoderamento e participación activa dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade e a mulleres do medio rural, que impulsen o emprendemento, o autoemprego, a formación e a mellora da súa capacitación de cara a mellorar a súa empregabilidade. Na mesma liña de potenciar o empoderamento e a participación activa destas mulleres son ademais subvencionables actuacións de información e formación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Outra das liñas financia programas de conciliación para mulleres en situación de vulnerabilidade que consistan en actividades de coidado e atención a menores de 12 anos, persoas con discapacidade e/ou dependentes e persoas maiores.

Por outra parte, estas axudas permiten levar a cabo programas de apoio e tratamento integral a grupos de mulleres vítimas da violencia de xénero especialmente vulnerables, isto é, mozas e adolescentes, mulleres con discapacidade, mulleres maiores, mulleres que residen no medio rural, mulleres inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas. Ao abeiro desta convocatoria concédense tamén subvencións a programas para o tratamento da saúde integral das mulleres e/ou sobre a sexualidade das mulleres.



O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO CO MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN PARA AVANZAR NO PROXECTO 'INNOVAUGAS 4.0' CO FIN DE MELLORAR A XESTIÓN DA AUGA E A RESPOSTA ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

- *Os obxectivos desta iniciativa son a innovación na xestión do ciclo integral da auga, a resiliencia fronte ao cambio climático e o fomento da economía circular*
- *Este proxecto impulsado polo Goberno galego terá unha vixencia de 4 anos e conta cun orzamento de 9,5 millóns de euros*
- *Trátase de impulsar a compra pública de sistemas innovadores para responder ás demandas dos diferentes usos da auga en base a necesidades da Comunidade*
- *Na primeira fase aplicaranse de xeito piloto as solucións innovadoras na xestión das bacías dos ríos Verdugo, Oitavén e nos que desembocan nas rías de Vigo e Baiona*
- *Na segunda fase despregaranse as experiencias desenvolvidas no resto de sistemas de explotación da demarcación hidrográfica Galicia-Costa*
- *A Xunta segue traballando cara a unha xestión dos recursos hídricos integral que acade o equilibrio entre os recursos naturais e o benestar económico e social*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e Augas de Galicia para avanzar e formalizar a selección do proxecto de xestión avanzada dos recursos hídricos galegos 'INNOVAUGAS 4.0' co fin de mellorar a xestión da auga e a capacidade de resposta ante o cambio climático.

O proxecto, impulsado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, ten por obxectivos a mellora e innovación da xestión de recursos hídricos e o medio ambiente, o aumento da resiliencia ao cambio climático e a incorporación do modelo de economía circular á xestión do ciclo integral da auga.

Mediante este convenio, que terá unha vixencia de 4 anos e un orzamento de 9,5 millóns de euros, ratifícase a financiación deste proxecto mediante os fondos europeos FEDER, tras ser elixido polo Ministerio na convocatoria da liña *Fomento da Innovación desde a Demanda e da compra pública de innovación*.

'INNOVAUGAS 4.0' é un proxecto de compra pública innovadora que busca dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos da auga. Con el procúrase avanzar nunha xestión integrada das augas para optimizar os recursos hídricos, en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, respectando o logro dos obxectivos ambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O modelo de xestión de auga supón, para o territorio en que se desenvolve, importantes implicacións a nivel ambiental, económico e social, especialmente tendo en conta os efectos esperados do cambio climático. Por iso, os obxectivos xerais de 'INNOVAUGAS 4.0' establecéronse en base ás necesidades concretas detectadas en Galicia prevéndose o seu desenvolvemento en dúas fases.

Na primeira fase, centrada na I+D+i, desenvolveranse as distintas propostas innovadoras nun procedemento de compra pública innovadora, cun orzamento de 7 millóns de euros, cofinanciados polos fondos FEDER. Nesta fase levarase a cabo, a modo de experiencia piloto, as solucións innovadoras para a xestión dos recursos hídricos nas bacías dos ríos Verdugo, Oitavén e o resto de ríos que desembocan nas rías de Vigo e Baiona.

A segunda fase conta cun orzamento de 2,5 millóns euros, que achegará integramente a Xunta de Galicia, e contempla o despregue das experiencias desenvolvidas na primeira fase no resto de sistemas de explotación da demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

O Goberno galego segue traballando para avanzar cara a unha xestión dos recursos hídricos en Galicia verdadeiramente integral, que aborde a protección e o equilibrio dos ecosistemas e os recursos naturais en paralelo ao benestar económico e social equitativo.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CAMBRE PARA O MANTEMENTO DA CONTORNA DO RÍO MERO, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 160.000 EUROS

- *Augas de Galicia entregaralle ao Concello de Cambre o acondicionamento rematado na zona do río Mero, entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura*
- *A Xunta achegaralle ao Concello un importe de 40.000 euros anuais nos próximos catro exercicios para que acometa as tarefas de conservación precisas na área*
- *Os traballos que debe executar polo Concello consistirán en rozas da vexetación de ribeira, retirada de árbores caídas ou o reperfilado de cunetas en zonas de paseo*
- *O acordo terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Cambre para o mantemento da contorna do río Río Mero, cun investimento de case 160.000 euros. O acordo terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Augas de Galicia, a través deste acordo, entregaralle ao Concello de Cambre as obras de acondicionamento xa rematadas nesta contorna do río Mero, entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura.

O Concello de Cambre deberá realizar as tarefas de mantemento necesarias nesta contorna, que financiará a Xunta coa achega dun investimento para os próximos catro anos que ascende a 40.000 euros por exercicio.

A Administración local, coa colaboración técnica e financeira autonómica, deberá acometer, fóra do dominio público hidráulico, rozas selectivas da vexetación de ribeira, retirada de árbores en mal estado ou caídas ou o reperfilado de cunetas e noiros nas zonas de paseo.

No que se refire ás obrigas establecidas no convenio, a Augas de Galicia corresponderanlle pór á disposición do Concello esta contorna e as súas instalacións, así como financiar a realización das tarefas de mantemento por parte do municipio.

O Concello de Cambre ocuparase de conservar esta zona en toda a súa extensión comprendida dentro do termo municipal. Ademais, terá que presentar un informe anual coa proposta dos traballos para executar dentro do ano en vigor e a súa valoración.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CABANAS PARA COMPLETAR O SANEAMENTO DA RÍA DE PONTEDEUME, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 2,8 MILLÓNS DE EUROS

- *A nova actuación céntrase na execución dun tanque de tormentas en Cabanas con saída de bombeo cara á depuradora de Centroña, que comparte con Pontedeume*
- *A nova intervención forma parte do proxecto de mellora de saneamento entorno ao esteiro de Eume que está a impulsar o Executivo autonómico nos concellos de Cabanas e Pontedeume, cun investimento total de 8,6 millóns de euros*
- *Na actualidade estanse a executar a renovación do saneamento de Pontedeume e de parte do abastecemento que se ve afectado por estas obras*
- *Tamén foi licitada a obra do novo colector para Cabanas, desde o paseo da Madalena ata este novo tanque de tormentas, cun orzamento de máis de 1,4 M€*
- *Estas tres intervencións permitirán a eliminación de todos os puntos de vertido actuais á ría na fachada marítima de Pontedeume*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Cabanas para completar o saneamento da ría de Pontedeume, cun investimento autonómico de máis de 2,8 millóns de euros.

Este acordo do Goberno galego permite á Consellería de infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, a sinatura do convenio de colaboración co Concello e a licitación das obras de execución dun tanque de retención e impulsión para o núcleo de Cabanas.

A actuación aprobada céntrase na execución dun tanque de tormentas en Cabanas con saída de bombeo cara á estación depuradora de augas residuais de Centroña, que comparten ambos os concellos.

Segundo o proxecto de obra, o tanque irá soterrado a unha profundidade de 20 metros, nunha planta de 27 x 21 metros. O tanque disporá dun bombeo de 3 bombas e unha capacidade de 52,68 litros por segundo, e desde este unha impulsión de 450 metros de lonxitude para acadar a estación depuradora de Centroña. A intervención dará servizo a unha poboación de 7.100 habitantes do concello de Cabanas.

Esta nova actuación forma parte do proxecto de mellora de saneamento entorno ao esteiro de Eume, impulsado polo Executivo nos concellos de Cabanas e Pontedeume, cun investimento total duns 8,6 millóns de euros.

Neste momento estanse a executar as obras de renovación do saneamento de Pontedeume e de parte do abastecemento que se ve afectado por estas obras de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

saneamento, que quedou obsoleto e sofre moitas perdas. A intervención, adxudicada por un importe de preto de 3,2 millóns de euros, consiste na execución dun tanque de retención e un bombeo.

O pasado mes de xuño o Goberno galego aprobou as obras de execución do novo colector interceptor para Cabanas de 1 quilómetro, que foron licitadas por un orzamento de máis de 1,4 millóns de euros, desde o Paseo da Madalena ata o novo tanque de tormentas proxectado no núcleo da vila. Tamén se prevé nesta actuación a execución de dous pequenos ramais de colectores secundarios que conectaran co novo colector interceptor.

Estas tres intervencións permitirán a eliminación de todos os puntos de vertido actuais á ría na fachada marítima de Pontedeume.

O conxunto das obras de saneamento da ría de Pontedeume están cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014/2020.

Con esta actuación a Xunta de Galicia segue a traballar para acadar a recuperación das zonas degradadas pola contaminación da costa, promovendo a mellora da calidade de vida da poboación asentada entorno á ría do Eume, e redundando no aumento da competitividade económica e o fomento do turismo.

A XUNTA IMPULSA CON MÁIS DE 500.000 EUROS A REFORMA INTEGRAL DA PRAZA DE ABASTOS DE NOIA

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria asinará un convenio de colaboración co concello para financiar o 50% das actuacións, nas que se prevé investir máis dun millón de euros*
- *Rehabilitarase o inmoble mantendo a súa morfoloxía e dotándoo dunha imaxe moderna, ao tempo que se reordena o espazo comercial*
- *Mellorarase a accesibilidade coa instalación dun ascensor e aproveitarase a luz natural, ademais da incorporación dos servizos de consigna e almacéns*

A Xunta vai impulsar con máis de 500.000 euros a reforma integral da praza de abastos de Noia, mediante un convenio de colaboración co Concello noíes para financiar o 50% das actuacións, nas que se prevé investir máis dun millón de euros entre este ano e o 2022.

Tal e como aprobou hoxe o Consello da Xunta, a Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará 504.116 euros á rehabilitación do inmoble, que o dotará dunha imaxe moderna mantendo a súa morfoloxía e que permitirá reordenar o espazo comercial.

Na planta baixa levarase a cabo unha reconstrución dos postos centrais respectando os seus límites actuais, mentres que os postos perimetrais se conservan integralmente e serán revestidos polo seu exterior con novos acabados para unificar a imaxe dos mesmos e do conxunto da praza.

Na primeira planta ampliarase a superficie comercial, e proponse a reubicación dos postos en torno ao baleiro central que vertebra o mercado e sobre a medianeira este, recuperando deste xeito a presenza das tres fachadas do edificio e a iluminación natural, así como a relación da espazo comercial coa cidade. Ademais, esta planta que na actualidade é a de menor actividade, reorganízase nun espazo máis diáfano capaz de albergar diferentes actividades.

O proxecto complétase con outras actuacións puntuais como a ampliación dos aseos dispoñibles e a mellora da accesibilidade, dotando o edificio dun ascensor, a incorporación de luz natural sobre a nave colindante coa medianeira, a través da cuberta, e a incorporación dos servizos de consigna e almacéns.

Con esta actuación séguese reforzando a liña de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e as corporacións locais para a potenciación dos mercados municipais e prazas de abastos, para acadar un modelo de calidade baseado na accesibilidade, a sustentabilidade ambiental, a organización e a xestión de servizos.



EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN COAS FUNDACIÓNS LABORAL DA CONSTRUCCIÓN E CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA PARA MELLORAR A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO DE FP

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios asinados con estas entidades por un importe total de 56.000 euros*
- *As familias profesionais beneficiadas son as de Sanidade e Madeira, moble e cortiza*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura de addendas aos convenios de colaboración que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten subscritos coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' e coa Fundación Laboral da Construcción, a través dos que se ofrece unha mellor cualificación ao alumnado de ciclos formativos de FP das familias profesionais de Sanidade e de Madeira, moble e cortiza. O orzamento destinado á renovación destes acordos ascende a 56.000 euros.

A través desta colaboración facilitarase o acceso do alumnado ao espazo e equipamento destas fundacións ao longo do curso 2020/2021, co fin de que poida adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

No caso do acordo coa Fundación Laboral da Construcción, o obxectivo é seguir impartindo de xeito compartido ensinanzas da familia profesional Madeira, moble e cortiza nas instalacións do CIFP Politécnico de Lugo e nas da Fundación Laboral de la Construcción. En concreto beneficiaranse desta addenda as alumnas e alumnos de 1º curso do ciclo formativo de grao superior Deseño e amoblamento e un grupo do ciclo formativo de grao medio Carpintaría e moble, en réxime das persoas adultas en oferta modular.

No que atinxe ao acordo coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', ten como finalidade que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de Sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) poida utilizar as instalacións desta entidade. Deste xeito, impartirase nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' o módulo de Dosimetría física e clínica e o de Simulación do tratamento, do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, para os que cómpren unhas instalacións especiais das que non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto. A Fundación achegará tamén o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos; mentres que a Consellería se fará cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

EDUCACIÓN FINANCIA A CAPTACIÓN DE 14 INVESTIGADORES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA

- *A Consellería destina 180.000 euros ao financiamento complementario destas axudas concedidas polo Goberno central, para que non teñan que asumilo as universidades galegas*
- *Do conxunto de beneficiados, 1 pertence á UDC, 8 á USC e 5 a UVigo*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinará 180.000 euros á captación do talento de 14 investigadores, a través do programa Juan de la Cierva. Deles, 5 son contratos de Formación (catro da Universidade de Santiago de Compostela e un da Universidade de Vigo) e os outros 9 son contratos de Incorporación (un da Universidade da Coruña, catro da Universidade de Santiago de Compostela e outros catro da Universidade de Vigo).

A través deste investimento, que se materializará a través da sinatura do convenio coas tres universidades galegas aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o departamento educativo da Xunta de Galicia contribúe a financiar a contratación deste persoal investigador. Farao a través dunha achega económica por cada ano de contrato de 4.500 € para a modalidade de Formación e de 5.000 € para a de Incorporación, arredor do 20% do custe total.

Co cofinanciamento das axudas do programa Juan de la Cierva, concedidas pola Axencia Estatal de Investigación, o Goberno galego garante que a UDC, a USC e a UVigo poderán contar con este persoal investigador. O compromiso da Xunta de realizar estas achegas, que cobren o financiamento complementario a maiores da axuda estatal que terían que aboar as universidades, incentiva ás universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, moi competitivos

Modalidade Formación

O obxectivo das axudas Juan de la Cierva Formación é fomentar a contratación laboral de mozos e mozas doutores por un período de dous anos co obxecto de que completen a súa formación investigadora posdoutoral en centros de I+D españois distintos a aqueles nos que realizaron a súa formación predoutoral.

As axudas teñen unha duración de dous anos desde a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante, e o seu importe anual é de 25.000 euros, cunha retribución mínima para o investigador contratado de 21.500 euros brutos anuais.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Modalidade Incorporación

No caso das axudas Juan de la Cierva Incorporación, o seu obxectivo é fomentar a contratación laboral de mozos e mozas doutores, por un período de tres anos, co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.

As axudas teñen unha duración de tres anos desde a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante e o seu importe anual é de 29.000 euros, cunha retribución mínima para o investigador contratado de 25.000 euros brutos anuais.



A XUNTA ACHEGA 150.000€ PARA A REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DA CASA REITORAL DE SANTA MARIÑA DE XINZO DE LIMIA

- *O Consello da Xunta autorizou un convenio coa diocese de Ourense, a Deputación e o Concello para a realización do proxecto, cun importe de preto de 500.000€*
- *A intervención favorecerá a posta en valor deste edificio incluído no Catálogo do Patrimonio cultural de Galicia para destinalo a diferentes usos*
- *O proxecto centrarase na renovación integral de edificación principal, conservando o seu carácter tradicional e introducindo materiais e sistemas construtivos actuais*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde a un convenio de colaboración coa diocese de Ourense, a Deputación de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia polo cal o Goberno galego achegará un total de 150.000€ para a rehabilitación e conservación da casa reitoral de Santa Mariña de Xinzo de Limia. O proxecto terá un importe total de 478.946€ e favorecerá a posta en valor deste edificio, incluído no Catálogo do Patrimonio cultural de Galicia coa categoría de monumento, para destinalo a diferentes usos.

Situada no trazado da Vía da Prata ao seu paso por este municipio, esta casa reitoral conforma, xunto coa igrexa románica coa que linda, un conxunto de gran relevancia patrimonial, histórica e artística e constitúe un dos principais valores culturais, turísticos e arquitectónicos deste concello ourensán. En concreto, trátase dun senlleiro exemplo da arquitectura residencial vinculada ás parroquias e as casas señoriais ou *casas grandes* do século XVII, que manteñen e empregan recursos propios da forma de construír tradicional e característica da comarca da Limia. Do mesmo xeito, o inmovible conta cun elevado valor arqueolóxico ao situarse nun ámbito urbano no que se ten comprobado a existencia de restos da época romana e ao contar na propia casa reitoral cun fuste e unha columna que forman parte deses vestixios.

Ao longo da súa vida útil o edificio foi obxecto dunha serie de reformas que perseguían a súa adecuación ás distintas necesidades dos seus usuarios que nalgúns casos teñen desvirtuado o carácter tradicional do inmovible. Así pois, o proxecto centrarase na renovación integral da edificación principal, conservando o carácter tradicional da edificación ao tempo que se favorece a súa adecuación a novos usos.

Recuperación de materiais tradicionais

Entre as actuacións que se levarán a cabo destaca a eliminación dos elementos arquitectónicos disonantes e a recuperación dos tradicionais, como o corredor existente na fachada norte, pechado actualmente, ou a recuperación da volumetría orixinal da edificación, eliminando engadidos realizados en formigón armado. Deste xeito, introducíranse novos materiais e sistemas construtivos actuais para dar unha



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

resposta acaída ás esixencias de accesibilidade, sustentabilidade, eficiencia enerxética, hixiene e salubridade para a súa habitabilidade.

Neste sentido acometeranse actuacións na cimentación do inmovible, incluído solucións técnicas de impermeabiliación e illamento, facilitando a ventilación e adoptando medidas para evitar humidades. Tamén se manterá un sistema estrutural baseado no uso de madeira, utilizada da forma tradicional e de xeito coherente cos sistemas actuais, instalarase un novo tellado e substituiranse as carpinterías tradicionais e de valor patrimonial. No que respecta ás obras no exterior destacan intervencións para instalar drenaxes nos muros que favorezan a recollida de augas pluviais, entre outras actuacións.



A XUNTA E O CONCELLO DE RIÓS COLABORARÁN NA IDENTIFICACIÓN, RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DA RIQUEZA FORESTAL DAS PROVINCIAS DE LUGO E OURENSE

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio que contará cun orzamento de 135.000 euros*
- *O acordo enmárcase no obxectivo de impulsar a multifuncionalidade dos montes galegos previsto no Plan de Reactivación e Dinamización da Consellería do Medio Rural para mellorar a competitividade do sector agrario tras a emerxencia sanitaria*
- *A Xunta sufragará a identificación de soutos e masas de frondosas autóctonas, a loita contra as pragas e doenzas destas árbores, cursos de formación, a actualización do Inventario Forestal Continuo e a promoción de agrupacións de propietarios para a xestión conxunta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio co concello de Riós para identificar, recuperar e promocionar a riqueza forestal das provincias de Lugo e Ourense, a través do Centro de Desenvolvemento Agroforestal situado neste municipio. O acordo enmárcase no obxectivo de impulsar a multifuncionalidade dos montes galegos previsto no Plan de Reactivación e Dinamización da Consellería do Medio Rural para mellorar a competitividade do sector agrario galego tras a emerxencia sanitaria, e que contempla a recuperación dos soutos tradicionais.

O convenio estará vixente ata o final de 2021 e contará cun orzamento de 135.000 euros. Responde á aposta da Xunta por seguir desenvolvendo o sector agrario, xerando novas oportunidades de emprego e riqueza a través, neste caso, da xestión activa dos soutos e bosques de frondosas autóctonas.

En concreto, o Goberno galego sufragará cinco tipo de accións. Así, levarase a cabo a identificación de soutos tradicionais e masas de frondosas autóctonas de especial interese nas provincias de Lugo e Ourense, a vixilancia e loita contra as pragas e doenzas destas árbores e cursos de formación para produtores ou persoas interesadas en incorporarse ao sector primario.

Con cargo ao convenio tamén se establecerán puntos de contraste sobre o terreo para garantir a actualización do Inventario Forestal Continuo de Galicia e accións de boa gobernanza en comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC), así como a creación de agrupacións forestais de xestión conxunta.

A maiores, cómpre sinalar que a través do Plan de Reactivación e Dinamización se pretende recuperar arredor de 30.000 hectáreas de soutos tradicionais para impulsar a



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

actividade económica ligada ao territorio e poñer en valor a produción de castaña na nosa comunidade.

Ao tempo, e dentro dos instrumentos previstos na futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia, impulsaranse fórmulas de tipo cooperativo ou asociativo que permitan o agrupamento dos seus propietarios para avanzar na xestión conxunta deste recurso, de forma que a súa transformación se faga nas propias zonas produtoras, mantendo sempre a propiedade dos terreos nos habitantes.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA INVITA AOS CONCELLOS CON CASCOS HISTÓRICOS A SUMARSE A UNHA CONSULTA ABERTA A OPERADORES PARA DESPREGAR FIBRA NESTAS ZONAS

- *Tras o caso de Santiago de Compostela, no que a colaboración institucional posibilitou que haxa un plan de despregamento en marcha, a Administración autonómica quere estender a iniciativa aos 28 concellos con conxuntos históricos*
- *A consulta a operadores, que se podería lanzar á volta do verán, permitirá aos operadores presentar proxectos de despregamento baseados no Catálogo de Solucións Técnicas, elaborado pola Xunta e o Concello compostelán, e naquelas que xurdiron durante a consulta aberta para Santiago*

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) vén de ofrecer aos 28 concellos galegos, que concentran 32 conxuntos históricos, a apertura dunha consulta aberta a operadores para despregar fibra nestas zonas protexidas. Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, no que se explica que esta proposta xurde tras o caso de éxito de Santiago de Compostela, onde a colaboración institucional permitiu que o casco histórico da capital de Galicia conte cun proxecto de despregamento de fibra en marcha.

A Xunta remitiu a pasada semana unha carta aos 28 concellos con esta proposta solicitándolles que manifestaran o seu interese en participar na iniciativa. Unha vez se coñezan os municipios interesados lanzaríase unha consulta aberta a operadores.

Unha vez que se lance a consulta, os operadores formularán os posibles plans de despregamento para os diferentes cascos históricos baseándose nas alternativas que ofrece o *Catálogo de solucións Técnicas*, elaborado pola Amtega, o operador público Retegal e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Para a elaboración desta guía partiuse do caso concreto de Santiago de Compostela e en colaboración co Concello, co Consorcio de Santiago e cun equipo multidisciplinar (integrado por arquitectos, enxeñeiros de telecomunicación e técnicos proxectistas especializados en despregamentos de fibra óptica), elaboráronse unha serie de propostas viables e extrapolables a outros conxuntos históricos.

O Caso de Santiago de Compostela

A chegada da fibra ao casco histórico de Santiago é resultado dun proceso que comezou hai un ano coa elaboración do devandito *Catálogo* e o posterior lanzamento dunha consulta aberta a operadores.

Inicialmente sete operadores amosaron o seu interese en presentar proxectos e finalmente, o proceso pechouse coas propostas de R, Telefónica e Orange, valoradas positivamente pola comisión de seguimento da consulta aberta, culminando coa



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

solicitude de licenza por parte deste último o pasado mes de xuño. Este despregamento conta cun investimento privado de 2,4 millóns de euros e o seu alcance esténdese a todo o ámbito do Plan Especial do casco histórico.

Coa publicación do catálogo e a apertura da consulta aos operadores, Galicia está a abordar unha problemática presente en toda a Unión Europea para a que ata agora non se ofrecera ningunha solución.

Xúntase o listado dos 32 conxuntos históricos e os 28 concellos nos que están situados:

<p>A CORUÑA</p> <p>Conxunto histórico de Santiago de Compostela Conxunto histórico de Muros Conxunto histórico de Betanzos Praza de Santa Bárbara (A Coruña) Mosteiro de San Xiao de Moraima (Muxía) Pazo de Láncara ou Mariñán cos seus parques e xardíns (Bergondo) Conxunto histórico da Cidade Vella da Coruña Conxunto histórico do Barrio da Madalena Conxunto histórico de Corcubión Conxunto histórico de Noia Conxunto histórico de Ferrol Vello</p>	<p>Lugo</p> <p>Vila asolagada de Portomarín Conxunto histórico de Castro de Rei Antigo complexo siderúrxico e cerámico de Sargadelos (Cervo) Conxunto histórico de Monforte de Lemos Conxunto histórico de Lugo Conxunto histórico da Praza de Santa María do Campo de Viveiro Conxunto histórico de Mondoñedo Conxunto histórico de Ribadeo</p>
<p>Ourense</p> <p>Conxunto histórico de Ribadavia Basílica da Asunción ou Forno da Santa e Castro de Armea en Santa Mariña de Augas Santas Conxunto histórico de Allariz Conxunto histórico de Pazos de Arenteiro (Boborás) Conxunto histórico de Ourense Conxunto histórico de Castro Caldelas</p>	<p>Pontevedra</p> <p>Conxunto histórico de Pontevedra Conxunto histórico de Tui Conxunto histórico de Combarro Mercado popular de Agolada Conxunto histórico de Baiona Conxunto histórico de Cambados Conxunto histórico de Vigo</p>

MÁIS DE 5000 AUTÓNOMOS E PEMES SOLICITAN OS SERVIZOS DE INFORMACIÓN E APOIO DO IGAPE RESPONDE NO SEU PRIMEIRO MES EN FUNCIONAMENTO

- *Esta xanela única foi posta en marcha pola Xunta cun orzamento este ano de 3,6M€ para acompañar e asesorar ao tecido empresarial neste novo contexto económico*
- *Profesionais e empresas poden acceder, a través desta iniciativa, a toda a información sobre as liñas de axudas destinadas á reactivación económica e á tramitación das súas solicitudes*
- *Enmarcado no Plan de reactivación económica, trátase de dar resposta ás necesidades de pemes e autónomos sobre a adaptación da súa produción, os servizos que ofrecen, o modelo de negocio ou os equipos de traballo*

Máis de 5000 autónomos e pequenas empresas solicitaron os servizos de información e apoio do programa Igape Responde no seu primeiro mes de funcionamento, unha nova ferramenta que reforza e reorganiza a asistencia e o asesoramento ao tecido produtivo galego ante a situación económica provocada pola covid-19. Como vén de coñecer hoxe o Consello da Xunta, esta xanela única de consulta atendeu consultas sobre cales son as liñas de axudas máis axeitadas ás necesidades do colectivo empresarial e como son os procedementos de solicitude dos apoios postos en marcha polo Goberno galego.

Mediante unha dotación orzamentaria de 3,65 millóns de euros para este ano, ademais de reforzar a atención directa por medios telefónicos e telemáticos, o Igape Responde ofrece tamén asesoramento individualizado sobre como adaptar cada negocio ás novas necesidades xurdidas no novo escenario económico. A través de novas accións de consultoría e información, dáse resposta ás necesidades de pemes e autónomos sobre a adaptación da súa produción, os servizos que ofrecen, o modelo de negocio ou os equipos de traballo, contribuíndo así a facilitar a reactivación da actividade económica.

Para acadar este obxectivo, esta iniciativa conta con tres tipos de servizos: atención directa, acompañamento en liña e un servizo de apoio e asistencia a través do programa ReAcciona, que nesta edición 2020-2021 está deseñado para responder á nova situación que vive o tecido empresarial galego.

O Igape Responde achega, así, orientación e apoio individualizado a autónomos e pemes sobre as medidas de implantación rápida que deben adoptar a nivel xeral, na reorganización estratéxica e operativa dos seus negocios, así como no que se refire a proxectos de dixitalización e innovación axeitados para garantir, manter e impulsar a súa actividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En concreto, ofrece soporte personalizado en aspectos como a implantación do teletraballo, prestacións de servizos e promoción en liña, replanificación das débedas, busca de financiamento e reconfiguración da oferta comercial, entre outros. Neste sentido, a nova ferramenta, ademais de servizos de asesoramento e mentorización, pon á disposición do tecido produtivo galego unha base de coñecemento con información de interese empresarial actualizada e precisa, encontros explicativos en liña, guías de repostas a preguntas frecuentes, así como a edición de boletíns informativos periódicos. Neste primeiro mes de funcionamento, realizáronse seis webinaros, aos que asistiron 346 persoas, así como outras accións de información sobre os servizos que ofrece.

A previsión da Xunta de Galicia para este ano é que a través do Igape Responde se ofrezan 600 servizos personalizados do ReAcciona que se axusten especificamente ás repostas que precisa o tecido empresarial galego ante o novo contexto económico.

O servizo, ademais, ofrece información sobre as diferentes liñas de financiamento e axudas postas en marcha pola Administración autonómica a través do Plan de reactivación económica.

O Igape Responde enmárcase no Plan de reactivación económica que ten impulsado a Xunta para acompañar ao tecido empresarial galego no novo contexto xerado tras a covid-19.

A XUNTA IMPULSA UNHA NOVA LIÑA DE FINANCIAMENTO QUE PERMITIRÁ ACHEGAR A AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS A LIQUIDEZ NECESARIA PARA MOBILIZAR 50M€

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria facilitará préstamos de entre 3000 e 20.000 euros a cada negocio para atender as súas necesidades, como pago de salarios, alugueiros ou impostos*
- *Os beneficiarios desta iniciativa terán ata cinco anos para amortizar os créditos e o Goberno galego farase cargo do 100% dos xuros*
- *A Administración autonómica tamén porá en marcha novos instrumentos financeiros dirixidos aos sectores vitivinícola, artístico e cultural –vinculado especialmente ás orquestras– e a economía social*

A Xunta vén de activar novos programas de financiamento que permitirán mobilizar arredor de 120M€ e que complementan ás medidas xa postas en marcha para poder atender ás necesidades de liquidez dos autónomos, microempresas e pemes de Galicia.

A primeira das liñas de financiamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria que se lanza son microcréditos para facilitar liquidez a autónomos e microempresas (menos de dez traballadores e menos de 10 millóns de euros de balance ou de cifra de negocios). Por outro lado, tamén está previsto poñer en marcha novos instrumentos financeiros destinados a achegar préstamos aos sectores vitivinícola, cultural e artístico –con especial atención ao ámbito das orquestras– e ás empresas da economía social. Estas medidas buscan impulsar a reactivación da actividade dos colectivos empresariais máis afectados no actual contexto económico.

Nova liña de microcréditos

A primeira das liñas aprobadas hoxe facilitará microcréditos de entre 3000 e 20.000 euros a cada negocio con xuros bonificados ao 100% pola Xunta, que disporán dun prazo de duración máxima de cinco anos, cun ano de carencia como tope. A iniciativa, dotada con 6,1 millóns de euros de orzamento e coa previsión de mobilizar ata 50M€, desenvolverase en colaboración coas sociedades de garantía recíproca (SGRs) e as entidades financeiras e o prazo de presentación das solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de outubro.

Esta medida complementa a liña de préstamos avalados de entre 3000 e 200.000 euros, dotada con 30 millóns de euros e mediante a que se concederán ata 250 millóns de euros a autónomos e pemes. Leva facilitados xa máis de 1300 préstamos por valor de 73M€ e, como no caso dos microcréditos, a Xunta bonifica a totalidade dos xuros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Préstamos directos

Por outra banda, cun orzamento de 8 millóns de euros, facilitaranse préstamos directos da Xunta de entre 3000 euros e 200.000 euros ás pemes de sectores especialmente afectados pola actual situación económica: o sector cultural e artístico, con especial atención ás orquestras, e a economía social.

Apoiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), os créditos, dentro do programa de Instrumentos Financeiros Innovadores, estarán libres de comisións, non terán como condición a achega de garantías e estarán libres de xuros ou contemplarán porcentaxes moi baixas. Ademais, non será necesaria a intervención das entidades financeiras e achegarán ata o 75% tanto das necesidades de liquidez como dos investimentos de cada empresa beneficiaria, que disporá dun ano para a devolución. A previsión é mobilizar ata 10M€.

En paralelo, para o sector vitivinícola, habilitarase, en coordinación coa Consellería do Medio Rural, un préstamo vendima que permitirá mobilizar ata 60 millóns de euros para permitir a todas as bodegas galegas afrontar a compra da totalidade da uva da colleita deste ano en condicións normais de mercado. Deste xeito, garántese o futuro das bodegas e dos viticultores galegos que apenas teñen recibido fondos das medidas extraordinarias habilitadas por parte do Goberno central.

Plan de reactivación económica

Estas iniciativas –deseñadas seguindo as recomendacións do Comité de expertos económicos encargado de asesorar á Xunta– forman parte do Plan de reactivación económica de Galicia, que ten como obxectivos fundamentais recuperar a economía da Comunidade, facilitar a transformación do tecido empresarial galego –pensando sobre todo nos autónomos, microempresas e pemes–, xerar emprego nos sectores máis golpeados pola covid-19 e fortalecer os servizos públicos que reciben os cidadáns.

A XUNTA APOIA 11 CONTRATOS DE PERSOAL DE ALTA CUALIFICACIÓN PARA CONSOLIDAR O SISTEMA GALEGO DE INNOVACIÓN E RETER E ATRAER TALENTO

- *A través do programa Talento Sénior concédense axudas por valor dun millón de euros que chegarán a oito empresas e tres organismo de investigación e centros tecnolóxicos*
- *A iniciativa enmárcase en Talento 21 e, xunto con outros programas de estímulo á I+D+i, actúa como elemento tractor na mobilización e captación de capital privado para os procesos de innovación galegos, impulsa a competitividade do tecido empresarial e apoia a creación de postos de traballo cualificados*

O Consello da Xunta informou na súa reunión de hoxe da resolución da terceira convocatoria do programa Talento Sénior ao que destinará 905.405,91 euros para seguir consolidando o sistema galego de I+D+i, así como para atraer e reter talento.

As axudas centradas na atracción e retorno de investigadores doutores e tecnólogos con carreiras consolidadas, permitirá apoiar un total de 11 contratos. En concreto, beneficiaranse desta iniciativa oito empresas e tres organismos de investigación e centros tecnolóxicos que contarán con especialistas en eidos da I+D+i ligados á biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente, saúde, fabricación industrial, servizos profesionais científicos e técnicos ou tecnoloxías da información.

O programa establece un salario mínimo bruto de 40.000 euros anuais. O incentivo contemplado nesta orde vai entre o 40% ata o 60% por cada contrato indefinido ou de duración igual ou superior a 3 anos. Das contratacións que se van realizar -con apoios entre o 40 e o 60%- oito serán contratos indefinidos e sete correspóndense con candidatos retornados de Madrid e Barcelona, entre outros puntos de España, e de Francia e Brasil. Esta iniciativa enmárcase, xunto con outras como Oportunius, Principia ou Ignicia, no programa Talento 21 que ten como obxectivo xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia.

Este programa, xunto con outras medidas postas en marcha pola Xunta, supón un estímulo para que as empresas leven a cabo en Galicia as súas actividades de I+D+i, actúa como un elemento tractor na mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, impulsa a competitividade do tecido empresarial e apoia a creación, retención e atracción de talento e postos de traballo cualificados.

SANIDADE INVISTE 104.000 EUROS EN ADQUIRIR MÁIS MATERIAL PARA ATENDER A DEMANDA ASISTENCIAL XERADA POLA COVID-19

- *Neste caso, trátase de material radiolóxico e material sanitario diverso destinado á área sanitaria de Vigo*
- *A adquisición deste material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19, que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de tramitar un expediente de contratación, por un importe de 104.022 euros, para a adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para facer fronte con garantías á demanda asistencial xerada pola covid na área sanitaria de Vigo.

Todo o material necesario para facer fronte á pandemia debe estar dispoñible o antes posible, posto que non hai certeza de como evolucionará no tempo ou a gravidade que poida chegar a ter a covid-19, e a sobrecarga asistencial que poida ocasionar tanto nos servizos de urxencias, unidades de coidados intensivos como nas unidades de hospitalización.

Neste caso, trátase de material radiolóxico (detector inalámbrico, baterías para equipos portátiles), material sanitario diverso (sensores de fluxo, repostos para respiradores e para mesas de anestesia), caudalímetros e vasos, carros portabotellas de gases medicinais, material de protección (mamparas, caixas, urnas de metacrilato), así como elementos de monitorización de pacientes (equipos de monitorización remota, cables pacientes módulos de relaxación), etc.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

A XUNTA ANALIZA O DECRETO DO CONCERTO SOCIAL PARA FACILITAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS A TRAVÉS DE ENTIDADES SOCIAIS

- *Permitirá crear unha bolsa de entidades que están en condicións de ofrecer prazas a partir duns criterios preestablecidos*
- *Deste xeito, flexibilízase a creación de prazas públicas alí onde son máis necesarias e axilízase a oferta de servizos ás persoas que o necesitan*
- *Este avance normativo será remitido nos próximos días ao Consello Consultivo de Galicia*

O Consello da Xunta analizou o Decreto do concerto social, que será remitido nos próximos días ao Consello Consultivo de Galicia e que permitirá facilitar a prestación de servizos públicos a través de entidades sociais. Trátase dun avance normativo moi demandando por estas entidades, especialmente as que traballan con persoas con discapacidade, xa que permite axilizar e flexibilizar a posta á disposición dos cidadáns de diferentes prestacións.

Mediante este concerto social crearase unha bolsa de entidades que están en condicións de ofrecer prazas a partir duns criterios preestablecidos. As entidades poderán acceder a esta bolsa mediante un proceso anual para que presenten as súas solicitudes ou mediante os concertos de adhesión, que lles permite inscribirse en calquera momento e que as prazas se concerten cando e con quen sexa preciso, en función duns criterios obxectivos.

O concerto social aplicarase de xeito prioritario no ámbito da discapacidade, pero tamén se implantará noutros ámbitos nos que as entidades de iniciativa social son predominantes como son a atención a menores ou a inclusión social. As principais vantaxes que ofrece o concerto social son que dan prioridade na contratación ás entidades de iniciativa social; flexibilizan a creación de prazas públicas alí onde son máis necesarias e tendo en conta as preferencias das familias; e axiliza a oferta de servizos ás persoas que o necesitan.

Deste xeito, trátase de poñer fin ao desarraigo que sufrían algunhas persoas con discapacidade, que eran usuarias dunha praza e, no momento no que obtiñan unha pública, debían cambiar de centro ou mesmo de localidade. O texto será remitido ao Consello Consultivo logo de ser sometido a un proceso de diálogo co sector. Foron dezanove as entidades que fixeron achegas ao texto durante a súa tramitación e, froito desas observacións, modificouse a terceira parte do articulado inicial.



GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS EN 35 PROXECTOS PARA EQUIPAR E MODERNIZAR OS PORTOS, LONXAS E LUGARES DE DESEMBARQUE DE PRODUTOS DO MAR

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe coas iniciativas seleccionadas ao abeiro da convocatoria de 2020 de axudas para actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e condicións de traballo dos pescadores e de mellora da calidade dos produtos desembarcados*
- *As achegas benefician a un total de 23 confrarías de pescadores e permiten a adquisición de equipamentos para impulsar a competitividade do sector, o que favorece a sustentabilidade da pesca costeira artesanal que realiza a súa actividade nas lonxas e portos de Galicia*
- *As accións para aumentar a eficiencia enerxética das instalacións portuarias suman 900.000 euros de orzamento e permitirán instalar paneis solares fotovoltaicos para a xeración de electricidade, aumentar o aforro dos equipamentos de frío existentes e mellorar a iluminación interior das lonxas*
- *Estas actuacións contribuirán a reducir o consumo de enerxía, o custo de funcionamento dos equipamentos e as emisións de CO² á atmosfera, co que servirán tamén para avanzar no coidado do medio ambiente*

A Consellería do Mar vén de seleccionar 35 proxectos para a modernización dos portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque de produtos do mar de Galicia que contan cun orzamento de preto de 2,1 millóns de euros para o desenvolvemento de actuacións que contribúan á mellora da súa eficiencia enerxética, da seguridade e as condicións de traballo dos pescadores e da mellora da calidade dos produtos desembarcados.

Os proxectos seleccionados desenvolveranse no marco da convocatoria de achegas de 2020 con este fin, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e beneficiarán a un total de 23 confrarías de pescadores. A provincia que máis proxectos seleccionados suma, de acordo cun informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, é a da Coruña, con 17, seguida de Pontevedra, con 15, e a de Lugo, con tres.

A maior parte do investimento, algo máis de 900.000 euros, é para accións que teñen como obxectivo aumentar a eficiencia enerxética das instalacións. Trátase de 14 proxectos entre os que se atopan seis para a instalación de paneis solares fotovoltaicos de xeración de electricidade, cinco para aumentar o aforro enerxético dos equipamentos de frío existentes así como dos sistemas auxiliares necesarios para o seu funcionamento e tres de mellora da iluminación interior das lonxas mediante tecnoloxía led e coa renovación ou incorporación de sistemas de control de acendido e regulación do nivel de iluminación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Con estes proxectos de eficiencia enerxética espérase acadar un aforro de case o 40% do consumo inicial de enerxía dos equipos sobre os que se actúa, un descenso de máis do 38% no custo de funcionamento deses equipamentos, ao que se suman os aforros derivados da menor potencia demandada e en materia de mantemento, e prevese reducir tamén arredor dun 40% as emisións de CO² á atmosfera, contribuíndo así ao coidado do medio ambiente.

Entre os proxectos seleccionados tamén hai 15 de mellora da calidade dos produtos desembarcados, unha liña de achegas na que son subvencionables as adquisicións de elementos como contedores e equipos de limpeza para as lonxas ou produtores de xeo. As accións deste tipo financiadas ao abeiro da convocatoria de 2020 supoñen un investimento de máis de 700.000 euros e permiten a adquisición de cinco máquinas fregadoras do chan, 16 hidrolimpadoras, catro máquinas limpadoras de caixas, seis produtores de xeo, dous silos, 12 contedores de estabulación de crustáceos e 54 colectores de almacenamento.

Mellora da seguridade

En canto á mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores, unha liña na que son subvencionables proxectos para a adquisición de elementos como sistemas de varadas para as embarcacións, guindastres para a descarga de produtos da pesca ou casetas desmontables para vestiarios dos profesionais do marisqueo, os seis proxectos seleccionados na convocatoria deste ano permiten ás confrarías solicitantes adquirir un total de cinco carros varadoiros e un guindastre.

En total son 11 as confrarías da Coruña beneficiarias de axudas: as de Portosín, Cedeira, Muros, Noia, Rianxo e Ribeira con dous proxectos cada unha e as de Muxía, Lira, Fisterra, Corcubión e Cabo de Cruz con un proxecto. Na provincia de Pontevedra hai 10 confrarías con accións aprobadas: Arcade e O Grove teñen tres cada unha, seguidas de Cangas, con dúas, e de Bueu, Vilanova de Arousa, Vilaboia, Vilaxoán, Carril, Portonovo e Moaña, con un proxecto cada unha. Mentres, no caso de Lugo están Celeiro, con dúas iniciativas aprobadas, e O Vicedo, con unha.

Este tipo de equipamentos e actuacións facilita e melloran as condicións de traballo do sector e contribúen a aumentar a súa competitividade. Ao mesmo tempo favorecen o desenvolvemento e a sustentabilidade da pesca costeira artesanal que realiza a súa actividade nas lonxas e portos de Galicia.